

Documento de traballo

Elaboración de programacións didácticas a través da aplicación informática Proens

1.	Módulo 2. A elaboración da programación didáctica na aplicación Proens.....	3
1.1	A aplicación informática Proens.....	3
	Como se accede á aplicación informática de xestión de programación?	3
	Funcionalidades da aplicación.....	4
	Como se inicia a elaboración da programación?.....	4
	Que opcións existen para crear unha versión dunha programación?	4
	Cales son os posibles estados da programación?	5
1.2	A elaboración da programación didáctica na aplicación Proens.....	6
1.2.1	Apartados da programación didáctica na aplicación Proens	6
	Apartado 1. Introducción	8
	Apartado 2. Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias	8
	Apartado 3. Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación	9
	Apartado 4. Metodoloxía.....	13
	Apartado 5. Avaliación.....	13
	Apartado 6. Atención á diversidade	14
	Apartado 7. Transversais.....	14
	Apartado 8. Práctica docente	15

1. Módulo 2. A elaboración da programación didáctica na aplicación Proens

1.1 A aplicación informática Proens


A aplicación Proens preséntase como a ferramenta corporativa deseñada para elaborar, e realizar o seguimento e a supervisión das programación didácticas, que deben contemplar os criterios e as decisións que establece o centro para garantir a coherencia na actuación docente. Os apartados mínimos das programacións didácticas aparecen regulados no decreto do currículo de cada etapa educativa

A aplicación Proens permite a elaboración de todos os apartados da programación dun xeito dinámico a través de diferentes pantallas xa que se presenta a información dos elementos do currículo en cada momento preciso; ademais, admite unha continua revisión e reelaboración, permitindo gardar e validar a información ata chegar á versión definitiva proposta pola/o docente, para posteriormente comezar as fases de validación por parte das coordinacións de ciclo/xefturas de departamento, os equipos directivos e a inspección educativa.

Como se accede á aplicación informática de xestión de programacións?

- A ligazón da aplicación informática de programacións é:

<http://www.edu.xunta.gal/proens>



- A páxina inicial da aplicación presenta:
 - Un menú lateral á esquerda de cor negra que permite navegar polas diferentes pantallas. Este menú pódese ocultar premendo na icona de tres raias horizontais que hai ao lado do nome da aplicación.
 - A icona verde da parte superior dereita serve para identificarse e entrar na aplicación. Esta icona cambia a cor encarnada durante o funcionamento da aplicación para indicar que se se preme nela o sistema pecha a sesión e abandona a aplicación.
 - Un conxunto de iconas de sistema, na parte superior, que proporcionan funcións globais (acceso aos informes, por exemplo). Para identificar as funcións abonda con situar o apuntador do rato sobre elas para que o sistema amose un rótulo descritivo.
 - Unha cabeceira de cor gris na que aparece o título do menú seleccionado.
 - Unha zona azul clara na que aparecerá información de axuda.
- Para acceder cómpre autenticarse co nome e o contrasinal da conta de correo corporativo (sen @edu.xunta.gal).

Funcionalidades da aplicación

Dependendo do perfil da persoa usuaria, a aplicación presenta tres opcións:

- **Elaboración:** o profesorado crea as programacións didácticas das áreas/materias/ámbitos das etapas de infantil, primaria, secundaria e bacharelato nas que teña atribución docente durante o curso académico.
- **Supervisión:** opción reservada para o perfil de revisor/a (que terán as coordinacións de ciclo ou as xefaturas de departamento, a dirección do centro e a inspección educativa). Cada un destes perfís de revisión pode validar a programación para que avance ao seguinte estado, ou pode poñela en revisión (neste caso, a programación volve poñerse no estado de elaboración para que o profesorado poida corrixir ou modificar aqueles aspectos indicados).
- **Seguimento:** permite gardar datos de interese sobre a evolución do desenvolvemento na práctica das programacións didácticas pechadas. O seguimento realízase para cada unha das unidades didácticas (en diante, UD), recollendo información relativa á data de inicio e á data de fin de impartición da dita UD, o número de sesións totais realizadas, o grao de cumprimento (con tres opcións: baixo, medio e alto), as propostas xerais de mellora (texto libre) e outras observacións (texto libre).

Como se inicia a elaboración da programación?

- A aplicación Proens vincularase cos datos introducidos en Xade, ao inicio de cada curso académico, en relación ao profesorado encargado de impartir a área/materia/ámbito a cada grupo de alumnado. Así, ao autenticarse na aplicación Proens os pasos a seguir para iniciar a elaboración son:
 - Premer na opción do menú lateral *Elaboración e Programacións*. O sistema amosa as áreas/módulos/ámbitos dos que se debe elaborar a programación didáctica.
 - Para iniciar a elaboración de cada programación hai que crear unha versión premendo no botón 



O funcionamento da aplicación Proens limita a elaboración das programacións ás áreas/materias/ámbitos nas que a persoa docente teña atribución docente ese curso académico. Nesta primeira fase de desenvolvemento da aplicación, non será posible deseñar programacións combinando elementos curriculares de diferentes áreas.

Que opcións existen para crear unha versión dunha programación?

- A aplicación permite crear tres tipos de versión para elaborar a programación:
 - 1. *Crear unha nova versión da programación sen datos*, que carga os datos do currículo da área/materia/ámbito.
 - 2. *Crear unha nova versión da programación a partir das programacións do centro educativo*, que carga os datos das programacións da área/materia/ámbito elaboradas e “pechadas” nese centro, con independencia da persoa docente.
 - 3. *Crear unha nova versión da programación a partir das miñas programacións*, que carga os datos dunha das programacións elaboradas pola persoa docente no mesmo curso académico ou en cursos anteriores para a mesma área/materia/ámbito.



Para que as opcións 2 e 3 estean dispoñibles é necesario que haxa programacións pechadas.

- A versión creada aparece listada na pantalla “Programacións” con información sobre o tipo de versión, o número de versión, a data da última modificación, o estado; así mesmo, aparecen catro opcións vinculadas a estas iconas:

	<i>Ver detalle</i> , presenta a información da programación elaborada ata o momento.
	<i>Modificar</i> , permite a elaboración da programación. Ao pechar a programación definitiva, desaparece esta opción para dita versión.
	<i>Xerar informe</i> , remite ao buzón de informes para xerar un pdf coa programación.
	<i>Crear (nova versión)</i> , permite crear unha nova versión.

Cales son os posibles estados da programación?

- Cada programación didáctica pode atoparse en distintos estados durante o seu proceso de elaboración:
 - *Sen elaborar*. Non se iniciou a elaboración da programación nin se creou ningunha versión.
 - *En elaboración*. Creouse unha versión para iniciar a programación.
 - *Con erros*. A información aportada nalgunha das pantallas non cumpre os criterios de formato de validación da aplicación.
 - *Lista para pechar*. A información aportada en todas as pantallas cumpre os criterios de formato de validación da aplicación.
 - *Pechada*. A persoa docente dá por entregada a programación didáctica, e así pode iniciarse a fase de seguimento. Neste estado iníciase tamén a fase de supervisión.
 - *Posta en revisión polo supervisor*. A persoa coordinadora de ciclo ou a persoa que exerza a xefatura de departamento suxiren unha nova revisión da programación por non cumprir algún dos requisitos acordados no ciclo ou departamento.
 - *Validada por supervisor*. A persoa coordinadora de ciclo ou a persoa que exerza a xefatura de departamento dan por entregada a programación didáctica, e así inicia a fase de revisión pola dirección.
 - *Posta en revisión pola dirección*. A dirección do centro suxire unha nova revisión da programación por non cumprir algún dos requisitos acordados no centro.
 - *Validada por dirección*. A dirección do centro dá por entregada a programación didáctica, e así inicia a fase de revisión pola inspección.
 - *Posta en revisión por inspección*. A inspección educativa suxire unha nova revisión da programación por non cumprir algún criterio.
 - *Validada por inspección*. A inspección educativa dá por entregada a programación didáctica.




No estado de *Posta en revisión*, a opción de *modificar*  volve aparecer para que a/o docente poida introducir os cambios oportunos e volva repetirse a secuencia de estados.

1.2 A elaboración da programación didáctica na aplicación Proens

Para proceder á elaboración dunha programación didáctica os pasos a seguir son:

- 1. Autenticarse na aplicación Proens co nome de usuario/a e contrasinal corporativo (sen @edu.xunta.gal).
- 2. Premer na opción do menú lateral *Elaboración e Programacións*. Listaranse as áreas/materias/ámbitos nas que cada docente ten atribución para realizar a programación didáctica (dato importado dende Xade).
- 3. Elixir a materia da que se desexa elaborar a programación e premer o correspondente botón . Aparecerá a pantalla *Datos da programación*.
- 4. Elixir na opción *Tipo de versión* unha versión *De traballo* e premer no botón laranxa *Crear*.



Imaxe 1. Pantalla inicial *Datos da programación*.

1.2.1 Apartados da programación didáctica na aplicación Proens

Una vez seleccionada unha área/materia/ámbito, o menú lateral esquerdo presenta varios apartados, numerados do 1 ao 8, que se corresponden cos apartados mínimos que debe conter unha programación didáctica, tal e como se recolle na seguinte táboa:

Elementos da programación regulados na normativa de cada etapa	Menú lateral esquerda na aplicación Proens (sobre fondo negro)	Pantallas en Proens
a) Introducción.	1. Introducción.	1. Introducción. ▪ Texto libre.
b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.	2. Obxectivos e competencias.	2. Obxectivos e competencias. ▪ Información xeral das competencias clave e de todos os seus descritores. ▪ Información da relación dos obxectivos cos CA e dos obxectivos cos descritores das competencias clave correspondentes. ▪ Celas de verificación (opcional para ampliar a relación obxectivos-descriptores).
c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.	3. Unidades didácticas. – 3.1. Relación de UD. – 3.2. Distribución currículo UD. – 3.3. Avaliación UD.	3.1. Relación de UD. ▪ Texto libre para títulos e descrición de cada UD. ▪ Dato do nº de sesións para cada UD. ▪ Dato en forma de % para os pesos de cada UD na materia. ▪ Trimestre de impartición.

En educación infantil: c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.		3.2. Distribución do currículo nas UD. ■ Celas de verificación para relacionar cada CA e contido coa UD. ■ Texto libre para engadir subcriterios (voluntario). ■ Celas para filtrar a información dos CA e contidos por bloque temático. ■ Celas para filtrar a información por UD para revisar os elementos curriculares que se van seleccionando en cada UD. 3.3. Avaliación UD. ■ Cella para filtrar por UD de traballo. ■ Cella de elección para o tipo de instrumento. (proba escrita ou táboa de indicadores). ■ Cella para filtrar por tipo de instrumento. ■ Texto libre para o mínimo de consecución. ■ Dato en forma de % para os pesos de cada CA no contexto da UD.
d) Metodoloxía. – Concrecións metodolóxicas. – Materiais e recursos didácticos.	4. Metodoloxía. – Concrecións metodolóxicas. – Materiais e recursos didácticos.	4.1. Concrecións metodolóxicas. ■ Texto libre. 4.2. Materiais e recursos didácticos. ■ Texto libre para engadir unha a unha a denominación de cada material ou recurso (obligatorio). ■ Texto libre para a descrición en conxunto dos materiais e recursos didácticos.
e) Avaliación. – Procedemento para a avaliación inicial. – Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área, e criterios de recuperación. – Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes (na ESO e no bacharelato). – Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias (no bacharelato). En educación infantil: – Procedemento para a avaliación inicial. – Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.	5. Avaliación. – 5.1. Avaliación inicial. – 5.2. Criterios de cualificación e de recuperación. – 5.3. Recuperación das materias pendentes. – 5.4. Acreditación coñecementos materias continuidade.	5.1 Avaliación inicial. ■ Texto libre. 5.2. Criterios de cualificación e recuperación. ■ Texto libre para os criterios de cualificación. ■ Texto libre para os criterios de recuperación. ■ Cella para filtrar a información dos pesos (%) dos instrumentos de avaliación en cada UD no total da materia. 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. ■ Texto libre (en ESO e bacharelato). 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias. ■ Texto libre (nalgúns materias de bacharelato).
f) Medidas de atención á diversidade.	6. Atención á diversidade.	6. Medidas de atención á diversidade. ■ Texto libre.
g) Transversal. – Concreción dos elementos transversais. – Actividades complementarias.	7. Transversais. – 7.1. Elementos transversais. – 7.2. Actividades complementarias.	7.1. Concreción dos elementos transversais. ■ Celas de verificación para relacionar os elementos transversais coas UD. ■ Texto libre para engadir elementos transversais (opcional). ■ Texto libre para observacións en xeral dos elementos transversais (opcional). 7.2. Actividades complementarias. ■ Texto libre para engadir a denominación da actividade complementaria e a súa descrición.

		▪ Texto libre para observacións en xeral das actividades complementarias (opcional).
h) Práctica docente. – Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro. – Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.	8. Práctica docente. – 8.1. Avaliación proceso ensino e práctica docente. – 8.2. Revisión, avaliación e modificación PD.	8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro. ▪ Texto libre. 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora. ▪ Texto libre.



A aplicación permite navegar, editar e gardar a información nos diferentes apartados segundo os intereses de cada docente; non é preciso facer unha edición secuencial polos ditos apartados. A única excepción é o apartado 3. *Unidades didácticas*, xa que para editar dito apartado si que é necesario introducir a información de xeito secuencial nos subapartados, é dicir, débese editar o subapartado 3.1. para poder completar o subapartado 3.2. e o subapartado 3.3.

Apartado 1. Introducción

A *Introdución* da programación contextualiza a proposta didáctica da área/materia/ámbito co obxectivo de resaltar os aspectos relevantes que permiten presentala no contexto do centro, do grupo de alumnado ao que vai dirixida etc.

Trátase de matizar aqueles aspectos salientables que se desexen destacar dun xeito breve, a través de texto libre cunha extensión máxima de caracteres.

Apartado 2. Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias

O currículo da área/materia/ámbito recolle como orientación pedagóxica a relación mínima que se establece entre os obxectivos da dita área/materia/ámbito e os descritores das oito competencias clave. Esta información aparece na aplicación Proens a través de celas de verificación fixas (non é posible desmarcalas).

OBX2 Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, recoñecendo a súa importancia para a vida individual e colectiva, e aplicándoos de maneira efectiva e argumentada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e xusta. ▶	1 ☐	1 ☐	1 ☐	1 ☐	1 ☐	1 ☒	1 ☐	1 ☒
	2 ☐	2 ☐	2 ☐	2 ☐	2 ☐	2 ☒	2 ☐	2 ☐
	3 ☐	3 ☐	3 ☐	3 ☐	3 ☐	3 ☒	3 ☐	3 ☐
	4 ☐		4 ☐	4 ☐	4 ☒	4 ☐		4 ☐
	5 ☒		5 ☐	5 ☐	5 ☐			

Imaxe 2. Exemplo de vinculación entre o OBX2 do currículo da área de Educación en Valores Cívicos e Éticos e os descritores das competencias clave.

O profesorado pode ampliar estas relacións mínimas tendo en conta que o marcado modifica a implicación das áreas/materias/ámbitos no logro das oito competencias clave. A ampliación, en todo caso, debe respectar os criterios e decisións tomados no centro, no contexto dos ciclos, dos departamentos e/ou dos equipos docentes.

Para facilitar que o profesorado complete este apartado da programación, a pantalla presenta:

- Información xeral sobre as oito competencias clave cos seus descritores (despregar a frecha azul que aparece ao final de cada competencia clave).

- Información da vinculación dos obxectivos do currículo da área/materia/módulo cos criterios de avaliación do curso da etapa do que se está a elaborar a programación (despregar a frecha azul que aparece en cada competencia clave).

Como ampliar a vinculación entre obxectivos e descritores das competencias clave?

- 1º. Premer na cela de verificación que se queira vincular para activala (mudará a cor azul).

Curriculo	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 Deliberar e argumentar sobre problemas de carácter ético referidos a si mesmo e a súa contorna, buscando e analizando información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autocoñecemento e a autonomía moral. ▶	1 ☒	1 ☐	1 ☐	1 ☐	1 ☐	1 ☒	1 ☐	1 ☐
	2 ☐	2 ☐	2 ☐	2 ☐	2 ☐	2 ☒	2 ☐	2 ☐
	3 ☒	3 ☒	3 ☐	3 ☐	3 ☐	3 ☒	3 ☐	3 ☐
	4 ☐		4 ☐	4 ☒	4 ☒	4 ☐		4 ☐
	5 ☒		5 ☐	5 ☐	5 ☐			

Imaxe 3. Exemplo de ampliación da vinculación entre o OBX1 do currículo da área de Educación en Valores Cívicos e Éticos e os descritores das competencias clave.

- 2º. Premer no botón “Gardar”, ou “Validar e Gardar” se se desexa comprobar que a información introducida é correcta.



As relacións OBX-Descritores das competencias clave establecidas nos currículos son fixas e non se poden modificar. O profesorado pode optar soamente por amplialas.

Apartado 3. Relación de unidades didácticas coa súa secuenciación e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación

Os elementos curriculares deben repartirse en unidades didácticas. O concepto unidade didáctica debe ser entendido dun xeito suficientemente amplo, que permita dar resposta aos intereses das diferentes formas de ensinar de cada docente. No contexto da programación didáctica, enténdese a unidade didáctica como un conxunto de criterios de avaliación e de contidos que conforman unha unidade de ensino e de aprendizaxe cun eixo en común, xa sexa unha temática, un proxecto... e que terá unha marxe temporal en número de sesións adecuada para completar un proceso completo de ensino, aprendizaxe e avaliación.

A decisión sobre cantas e que unidades didácticas conforman a programación, debe ter en conta os seguintes aspectos:

- As unidades didácticas poden ser secuenciais na súa impartición, cun principio e cun fin, iniciando posteriormente a seguinte unidade didáctica; ou poden ser de impartición transversal ao longo do curso, do/s trimestre/s ou en diferentes momentos do curso. Polo tanto, a secuenciación de introdución das unidades didácticas na aplicación non impide que dita UD se poida implementar en diferentes trimestres/momentos ou mesmo en paralelo.
- As unidades didácticas poden combinar elementos curriculares de diferentes bloques ou empregar todos ou parte dos elementos dun único bloque.
- Os elementos curriculares deben formar parte dalgunha UD: non pode quedar ningún elemento curricular sen vincular a algunha UD.

- Os elementos curriculares poden seleccionarse para máis dunha unidade didáctica. A UD ao entenderse como un proceso completo de aprendizaxe, ensino e avaliación soamente debería levar asociados os CA e os contidos que vaian ser avaliados.

Para completar este apartado da programación, a aplicación Proens presenta tres supapartados:

- 3.1. Relación de unidades didácticas.
- 3.2. Distribución do currículo nas unidades didácticas.
- 3.3. Avaliación das unidades didácticas.

Nos ditos subapartados é preciso introducir a información de xeito secuencial, xa que a información aportada en cada subapartado é necesaria para poder cumprimentar os subapartados seguintes.

Subapartado 3.1. Relación de unidades didácticas

Para completar a relación de unidades didácticas debe introducirse a seguinte información:

- *Título da UD.* Recoméndase empregar títulos breves, motivadores e claros respecto aos aspectos que se van tratar.
- *Descrición.* Texto breve, cun límite de caracteres, que resuma o alcance e aspectos a tratar na UD e que permita ao alumnado facerse unha idea aproximada do que se trata nelas.
- *Nº de sesións.* Para indicar a duración da UD en número de sesións deben empregarse números enteiros e cómpre ter en conta que a suma da duración total das sesións de todas as UD debe coincidir coa duración das sesións da área/materia/ ámbito ao longo do curso (dato que aparece na pestana “Datos da programación” baixo a indicación “Sesións anuais”).
- *Peso na materia.* O peso da UD na cualificación total da área/materia/ámbito indicada como porcentaxe. A suma das porcentaxes asignadas a todas as UD debe ser o 100 %.
- *Trimestre de impartición da UD.* Márcase o/s trimestre/s de impartición de cada unha das UD.



A secuencia numérica que establece a aplicación por defecto ao introducir as UD non é vinculante na orde de impartición das mesmas, xa que poden existir UD transversais que se impartan ao longo do curso ou en paralelo con outras UD.

Como introducir a relación de UD?

- 1º. Premer no botón laranxa *Engadir* para crear cada UD.
- 2º. Introducir a información do título, a descrición, o número de sesións, os pesos na materia e o/s trimestre/s de impartición.
- 3º. Premer no botón *Gardar*, ou *Validar e Gardar* se se desexa comprobar que a información introducida é correcta.
 - No caso de ser correcta, aparecerá unha mensaxe na parte superior sobre cor verde coa mensaxe *Operación realizada con éxito*.
 - No caso de non ser correcta, aparecerá unha mensaxe na parte superior sobre cor vermella cunha mensaxe alertando de que existen erros.

- 4º. Ao final de cada fila aparecen como *Opcións* dúas frechas para cambiar a secuencia das UD cara arriba ou cara abaixo e unha papeleira para eliminar a UD.

Subapartado 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

Neste apartado débense seleccionar os criterios de avaliación e contidos que formarán parte de cada UD. Para facilitar a edición deste subapartado, preséntase un bloque despregable titulado *Unidades didácticas* que permite consultar o título e a descrición das UD introducidas no subapartado 3.1.

A aplicación lista, nunha primeira columna, todos os criterios de avaliación e todos os contidos da área/materia/ámbito e, nas seguintes columnas, presenta o mesmo número de UD introducidas no subapartado 3.1., máis a opción *Todas* coa finalidade de vincular os elementos curriculares á unidade/s didáctica/s pertinente/s a través de celas de verificación.

Para acotar a lectura do currículo e o marcado pódese empregar o despregable *Bloque*, que permite seleccionar os CA e os contidos dos diferentes bloques do currículo da área/materia/ámbito.

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

Nesta pantalla poderá relacionar os criterios de avaliación e contidos coas unidades didácticas rexistradas no apartado 3.1. Para relacionar un elemento cunha ou varias unidades didácticas bastará con seleccionar as caixas de selección correspondentes a cada unidade didáctica. Se estima oportuno dividir un criterio ou estándar en varios para reflectir que se trata cada un de xeito individual ou incluso en unidades didácticas distintas poderá facelo empregando a icona de engadir na columna de opcións.

Modificar Axuda

Unidades didácticas

Datos da programación

Bloque de contido **Unidades didácticas**

-- Seleccione un elemento --

☐ UD 1 ☐ UD 2 ☐ UD 3 ☐ UD 4

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Todas	Opcións
Bloque B1. Cultura científica						
Criterios de avaliación						
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	☐	☐	☐	☐	☐	+
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	☐	☐	☐	☐	☐	+
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	☐	☐	☐	☐	☐	+
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	☐	☐	☐	☐	☐	+
Contidos						
C1.1 - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.	☐	☐	☐	☐	☐	+
C1.2 - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.	☐	☐	☐	☐	☐	+
C1.3 - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.	☐	☐	☐	☐	☐	+

Gardar Validar e Gardar Volver

Imaxe 4. Exemplo do apartado 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas dunha programación da área de Ciencias da Natureza.

Como distribuír o currículo nas UD?

- 1º. Activar as celas de verificación premendo nelas para determinar os CA e contidos que conformarán cada UD.
- 2º. Premer no botón *Gardar*, ou *Validar e Gardar* se se desexa comprobar que a información introducida é correcta.
- 3º. Pódese comprobar a selección dos elementos curriculares para cada UD empregando as celas de verificación das UD que aparecen na parte superior ao lado do despregable *Bloque*.

- 4º. Ao final de cada fila aparece como *Opción* a possibilidade de engadir subcriterios e/ou subcontidos, para adaptar os criterios de avaliación e/ou os contidos do currículo oficial e os acomodar ao deseño da programación didáctica.

The screenshot shows a software interface for curriculum management. At the top, there's a 'Bloque de contenido' dropdown menu and a 'Unidades didácticas' section with checkboxes for UD 1, UD 2, UD 3, and UD 4. Below this, a table displays evaluation criteria. The first row is for 'Bloque B1. Cultura científica' with the criterion 'Criterios de evaluación'. The second row is for 'CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.' This row is highlighted in yellow. To the right of the criterion text, there are checkboxes for UD 1, UD 2, UD 3, UD 4, and 'Todas'. A yellow button labeled 'Opciones' is at the end of the row. At the bottom right, there's a character count '(0/1000 caracteres)' and icons for adding, deleting, and moving items.

Imaxe 5. Exemplo do subapartado 3.2. tras premer na opción + para a creación dun subcriterio.



Débese ter en conta que cando se adapta un CA do currículo oficial os subcriterios creados substitúen os orixinais para os efectos de avaliación e da elección de instrumento de avaliación.

Subapartado 3.3. Avaliación das unidades didácticas

O obxectivo deste apartado é seleccionar en cada UD o instrumento de avaliación que se empregará en cada un dos criterios de avaliación, concretando o seu mínimo de consecución e o seu peso orientativo no conxunto da UD. Aos efectos destas decisións, teranse en conta as seguintes aclaracións:

- **Tipo de instrumento.** É importante comprender o papel que xogan os criterios de avaliación na programación, a que obrigan exactamente, para poder seleccionar o instrumento máis adecuado a cada caso. Cada CA debe levar asociado un único instrumento de avaliación, o que non quere dicir que haxa que avaliar de xeito independente cada CA. O profesorado pode empregar dous tipos de instrumentos de avaliación:
 - Proba escrita, cuxo significado debe entenderse dun xeito amplo como aquel instrumento no que o alumnado demostra o seu coñecemento a través dunha evidencia escrita tipo exame, cuestionario...
 - Táboa de indicadores, cuxo significado debe entenderse dun xeito amplo como aquel instrumento no que o alumnado demostra o seu coñecemento a través dunha evidencia que se comprobará co do apoio dunha lista de ítems/indicadores ou escalas de estimación/valoración por parte do profesorado.
- **Mínimo de consecución.** Concreta o logro imprescindible que debe demostrar o alumnado para superar cada CA.
- **% peso orientativo.** Peso aproximado que cada CA ten no conxunto da UD. A suma de todos os pesos (%) de cada UD debe ser o 100%.



A aplicación informática permite filtrar os criterios de avaliación por tipo de instrumento de avaliación e informa para cada UD da porcentaxe do peso por tipo de instrumento.

Como introducir a información sobre a avaliación das UD?

- 1º. Seleccionar unha UD no despregable (haberá que repetir esta secuencia para cada unha das UD).

- 2º. Seleccionar para cada CA o tipo de instrumento de avaliación, elixindo entre dúas opcións: táboa de indicadores ou proba escrita.
- 3º. Describir brevemente o mínimo de consecución que debe demostrar o alumnado para superar o dito CA.
- 4º. Concretar o peso orientativo en % de cada CA no conxunto da UD. A suma do % debe ser o 100%.
- 5º. Premer no botón *Gardar*, ou *Validar e Gardar* se se desexa comprobar que a información introducida é correcta.

Apartado 4. Metodoloxía.

Neste apartado describiranse aspectos relacionados coa metodoloxía —concrecións metodolóxicas e materiais e recursos didácticos— que se empregará no proceso de ensino e de aprendizaxe da área/materia/ámbito.

Subapartado 4.1. Concrecións metodolóxicas

Trátase dun apartado de texto libre que permite describir e/ou puntualizar a/s metodoloxía/s que se aplicarán na impartición da área/materia/ámbito.

Subapartado 4.2. Materiais e recursos didácticos

Neste subapartado introdúcense os materiais e os recursos didácticos que se van empregar no proceso de ensino e de aprendizaxe. Coa opción *Engadir* crearanse liñas baixo o título *Denominación* para ir indicando un a un os materiais e os recursos didácticos. Co menú de frechas pódese desprazar cada liña cara arriba ou cara abaixo para reordenar os datos introducidos.

A caixa de texto libre *Descrición* permite aportar información adicional e que se considere relevante sobre os materiais e/ou recursos didácticos.

Apartado 5. Avaliación

Para completar este apartado da programación, a aplicación Proens presenta catro supapartados:

- 5.1. Procedemento para a avaliación inicial.
- 5.2. Criterios de cualificación e recuperación.
- 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes (afecta só afecta ás programacións das etapas de ESO e de bacharelato).
- 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias (só afecta ás programacións didácticas das materias do 2º curso de bacharelato cuxa matrícula está condicionada, polo normativa, á superación dunha determinada materia de 1º curso, que non fora cursada polo alumnado).

Subapartado 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nese subapartado describirase o procedemento empregado para realizar a avaliación inicial do alumnado.

Subapartado 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Neste subapartado, preséntanse datos, a modo de resumo e de información, que xa foron introducidos en apartados anteriores, sobre os pesos dos instrumentos de avaliación no contexto de cada UD e no total da programación.

O profesorado completará a información e a descrición sobre os criterios de cualificación e sobre os criterios de recuperación a través de texto libre.

Subapartado 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este é un subapartado que so afecta ás programacións da etapa de ESO e de bacharelato.

Neste subapartado describirase, a través de texto libre, o procedemento para realizar o seguimento, a recuperación e a avaliación do alumnado que promociona de curso coa materia pendente.

Subapartado 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este é un subapartado que so afecta ás programacións dalgunhas materias de bacharelato.

A través de texto libre, describirase o procedemento para que o alumnado de 2º curso de bacharelato poida matricularse nunha materia condicionada á superación dunha materia de 1º curso que non foi cursada en primeiro.

Apartado 6. Atención á diversidade

Neste apartado da programación concretaranse as medidas de atención á diversidade que se empregarán na área/materia/ámbito, de acordo co disposto na normativa educativa.

A través de texto libre, sen desvelar datos persoais ou que permitan identificar a alumnado en concreto, deben consignarse e describirse as medidas de atención á diversidade concretas que se aplicarán.

Apartado 7. Transversais

Neste apartado concretaranse aspectos relacionados cos elementos transversais que van estar presentes no proceso de ensino e de aprendizaxe e coas actividades complementarias que se realizarán durante o curso académico e que teñan relación coa área/materia/ámbito.

Subapartado 7.1. Elementos transversais

O obxectivo deste apartado é indicar que elementos transversais van tratarse na área/materia/ámbito e en que unidades didácticas.

Coa opción *Engadir* crearanse liñas baixo o título *Elementos transversais* para ir indicando un a un os elementos transversais, así como a súa vinculación coa/s unidade/s didáctica/s de impartición.

Os elementos transversais que se presenten pódense relacionar con unha ou con varias UD. A vinculación con a lo menos unha das UD é obrigatoria.

O subapartado permite finalmente a posibilidade de recoller *Observacións* que se presentan en formato de texto libre e que terán un carácter xeral ao conxunto de todos os elementos transversais propostos.

Unha vez completada a información, premer no botón *Gardar*, ou en *Validar e Gardar* se se desexa comprobar que a información introducida é correcta.

Subapartado 7.2. Actividades complementarias

Neste subapartado indícanse as actividades complementarias que teñen relación coa área/materia/ámbito que se van realizar ao longo do curso.

Apartado 8. Práctica docente

Subapartado 8.1. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docentes cos seus indicadores de logro

A normativa recolle que “o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes”.

Estes indicadores engadiranse un a un premendo no botón *Engadir* para xerar as liñas de texto necesarias.

A caixa de texto libre *Descripción* permite puntualizar, explicar ou introducir información descritiva relativa aos indicadores de logro.

Subapartado 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O obxectivo deste apartado é planificar a forma de realizar o seguimento do cumprimento da programación, así como a avaliación da mesma e as propostas de mellora de cara ao curso seguinte.

Para iso introducirase na aplicación unha descrición dese procedemento a través texto libre.